


294243-



# **BASES PARA O XXIII CERTAME LITERARIO DO EXCMO. CONCELLO DE VILALBA**



---

**Vilalba, 1.997**

---

## **PRIMEIRA.-**

Premio **Excmo. Concello de Vilalba**, dotado con **500.000** pesetas e diploma ó mellor traballo inédito de **narrativa** en lingua galega.

## **SEGUNDA.-**

Premio **Excmo. Concello de Vilalba**, dotado con **150.000** pesetas, diploma e flor natural ó mellor **poema** inédito escrito en lingua galega, de metro libre.

## **TERCEIRA.-**

Poderán concorrer tódolos autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que presenten as súas obras en lingua galega.

## **CUARTA.-**

Os autores e autoras gozarán de absoluta liberdade, tanto no tema como na extensión dos traballos.

## **QUINTA.-**

As obras en narrativa poderán ser indistintamente: novelas, contos ou relatos. Cada autor ou autora poderá presentar tantos traballos como deseñe.

## **SEXTA.-**

Os orixinais presentaranse mecanografiados a dobre espacio e por unha soa cara, en papel tipo folio. Por cada obra enviaranse cinco copias.

## **SÉTIMA.-**

Tódolos traballos han presentarse acompañados dun sobre pechado ou plica facendo consta-lo tema que distinga o traballo e a Base á que concorren. No interior figurarán os datos persoais, enderezo e teléfono do autor ou autora.

## **OITAVA.-**

Tódolos traballos que concorran ó Certame Literario serán dirixidos ó **Concello de Vilalba**, facendo constar no exterior do sobre “**Para o Certame Literario**” e a Base á que concorren.

## **NOVENA.-**

O prazo de admisión de traballos rematará ás 12 horas do día **15 de xullo** de 1997.

## **DÉCIMA.-**

Polo feito de participar no Certame, os autores aceptarán o dictame do Xurado, que será inapelable. Este Xurado estará composto por persoas de recoñecida competencia nas materias ás que se refiren as presentes Bases. A súa composición ha ser dada a coñecer xunto coa emisión do resultado.

## **DÉCIMO PRIMEIRA.-**

O dictame do Xurado darase a coñecer o dia **24 de agosto** de mil novecentos noventa e sete, a través dos distintos medios de comunicación. A entrega de premios efectuarase nun magno acto que terá lugar en Vilalba o dia **30 de agosto**, coincidindo co comienzo das festas de San Ramón e Santa María de 1997 e, de ser posible, asistirán os autores premiados ou persoa que os represente.